



IES VIRXE DO MAR

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

- Neste curso, dadas as especiais circunstancias derivadas da situación da pandemia, as entrevistas das familias co titor/a serán **telefónicas**. Tamén poderá haber comunicación mediante **correo electrónico** e moi **excepcionalmente** a entrevista podería ser presencial.
- O **día e hora da titoría** será comunicado por parte do titor/a aos seus alumnos/as e ás familias mediante a plataforma ABALAR.
- Deben **descargar a aplicación Abalar** no teléfono, no caso de non telo feito xa, porque será a principal **vía de comunicación** do centro coas familias (xunto coa **páxina web**) por ser directa e en tempo real.
- Os interesados nas titorías, deben solicitar a **entrevista telefónica cunha semana de antelación** para que o titor/a dispoña da información de todo o profesorado e de todas as materias.
- O titor/a será o encargado de **chamar ás familias** dentro do horario de titoría.
- Se precisan información detallada dunha **asignatura en concreto**, poden solicitar entrevista telefónica co profesor/a en cuestión.
- Ademais as familias dispoñen do **departamento de Orientación**, para calquera tipo de consulta e asesoramento.
- En caso de malestar do alumno/a e presenza de **síntomas compatibles coa Covid**, deberán **chamar ao instituto** e ao seu **médico de referencia**. No caso doutro tipo de enfermidade común, tamén avisarán ao centro, para informar ao profesorado.
- Os alumnos non deben vir ao instituto nas situacións anteriores, e a familia pode **xustificar as faltas de asistencia** mediante **o sistema ABALAR** ou **telefónicamente**.
- Para rematar, queremos lembrar a importancia de **respectar as normas sanitarias establecidas**, que poden consultar en <http://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus> e tamén na páxina web do centro en <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/node/1318>. Rogámoslles e apelamos á súa responsabilidade como pais e nais para que sigan as recomendacións que indica o protocolo, así coma recalcar a importancia do bo uso da máscara, da hixiene de mans e de manter a distancia de seguridade. Pola saúde de todos/as.

Noia, 20 de Outubro de 2020

A DIRECCIÓN